

**AGAMME, Asociación Galega contra o Maltrato a Menores, NIF G70266044, con domicilio en R/Papa Pío V, bloque 8, baixo dereita, 15406, Ferrol, A Coruña, TLF 616035193, e AGAFEM, Asociación Gallega de Acogimiento de Familia Extensa del Menor, NIF G70467469, R/Lugar de Orro, 138, 15199, Culleredo, A Coruña, TLF 670402525, con motivo das declaracóns feitas esta semana pola Conselleira de Política Social, Dona Fabiola García Martínez, relativas ao aumento do número de nenos e nenas acollidos por mor da crise económica derivada da Covid-19,**

#### EXPOÑEN:

-Que a Conselleira de Política Social afirmou, en declaracóns que se retransmitiron en medios de comunicación galegos, que se produciu un aumento dun 4% dos nenos e nenas en réxime de acollemento en Galicia, relacionando este incremento directamente coas dificultades económicas coas que se atopan algunas familias. Aseverou tamén que estas dificultades estarían provocadas polo contexto de crise económica causada pola pandemia. Para concluir asegurou que a Consellería estaba cumplindo o seu deber e que os nenos estaban ben e coidados.

- Ante estas declaracóns da máxima responsable da Consellería de Política Social, AGAMME e AGAFEM amosan a súa desconformidade polas cuestións que pasamos a detallar:

1.- Segundo toda a normativa de infancia, autonómica, estatal e internacional é obriga, cando se tomen decisións relativas aos nenos, nenas e adolescentes, ter en conta o seu interese superior, que debe referirse non só ás necesidades materiais, senón tamén ás psicolóxicas, emocionais e sociais.

Por outra banda a Lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor deixa ben claro que os nenos e as nenas nos poderán ser afastados das súas familias, agás que isto fose contrario ao seu interese superior. Neste senso, que as familias atravesen dificultades económicas non xustifica adoptar a medida do acollemento, dado que existen medidas alternativas que a administración pode levar a cabo que protexerían plenamente o interese superior do neno ou da nena ao garantirlle a estabilidade psicolóxica, emocional e social que favorece a permanencia no núcleo familiar.

*"Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de Protección Jurídica del Menor, de Modificación Parcial del Código Civil y de la Ley de Enjuiciamiento Civil.*

*Artículo 11. Principios rectores de la acción administrativa.*

*2. Serán principios rectores de la actuación de los poderes públicos en relación con los menores:*

*a) La supremacía de su interés superior.*

*b) El mantenimiento en su familia de origen, salvo que no sea conveniente para su interés, en cuyo caso se garantizará la adopción de medidas de protección familiares y estables priorizando, en estos supuestos, el acogimiento familiar frente al institucional."*

2. A Lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor fai mención explícita respecto a que non se pode considerar causa xustificada para determinar a separación da familia as cuestións puramente económicas, tal e como se pon de manifesto no seu artigo 17:

*"Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de Protección Jurídica del Menor, de Modificación Parcial del Código Civil y de la Ley de Enjuiciamiento Civil.*

#### *Artículo 17. Actuaciones en situación de riesgo*

*1. Se considerará situación de riesgo aquella en la que, a causa de circunstancias, carencias o conflictos familiares, sociales o educativos, el menor se vea perjudicado en su desarrollo personal, familiar, social o educativo, en su bienestar o en sus derechos de forma que, sin alcanzar la entidad, intensidad o persistencia que fundamentarían su declaración de situación de desamparo y la asunción de la tutela por ministerio de la ley, sea precisa la intervención de la administración pública competente, para eliminar, reducir o compensar las dificultades o inadaptación que le afectan y evitar su desamparo y exclusión social, sin tener que ser separado de su entorno familiar. A tales efectos, se considerará indicador de riesgo, entre otros, el tener un hermano declarado en tal situación salvo que las circunstancias familiares hayan cambiado de forma evidente. La concurrencia de circunstancias o carencias materiales se considerará indicador de riesgo, pero nunca podrá desembocar en la separación del entorno familiar."*

3.- A Convención dos Dereitos da Infancia establece que é obriga das administracións apoiar economicamente ás familias que presenten dificultades para cubrir as necesidades materiais dos seus fillos e fillas. É unha obriga da Xunta de Galicia dar resposta a esta problemática á que se enfrentan un número crecente de familias, por unha cuestión que supera totalmente a capacidade de reacción, como pode ser unha crise derivada da pandemia

#### *Convención dos Dereitos da Infancia*

##### ***"Artículo 4***

*Los Estados Partes adoptarán todas las medidas administrativas, legislativas y de otra índole para dar efectividad a los derechos reconocidos en la presente Convención.  
En lo que respecta a los derechos económicos, sociales y culturales, los Estados Partes adoptarán esas medidas hasta el máximo de los recursos de que dispongan y, cuando sea necesario, dentro del marco de la cooperación internacional."*

##### ***"Artículo 9***

*1. Los Estados Partes velarán por que el niño no sea separado de sus padres contra la voluntad de éstos, excepto cuando, a reserva de revisión judicial, las autoridades competentes determinen, de conformidad con la ley y los procedimientos aplicables, que tal separación es necesaria en el interés superior del niño."*

4.- Por outra banda, adoptar unha medida de acollemento familiar ou residencial supón un gasto mensual para a administración –moito maior no caso dos centros de menores, por certo- polo que non é comprensible que ese diñeiro non poida ser empregado para dar soporte económico ás familias que están sendo obxecto de intervención por parte das autoridades da Xunta de Galicia.

5.- A Xunta de Galicia non desenvolveu ningunha estratexia específica para facer fronte á grave situación de crise económica na que xa estamos e que non podemos prever ata cando se vai prolongar nin o impacto que terá sobre as familias. Non desenvolveu ningunha medida específica para analizar a situación da infancia nesta situación e adoptar as decisións oportunas para garantir o seu benestar, incluíndo neste concepto a súa permanencia dentro da súa familia, coa súa veciñanza, no seu centro educativo, etc.

6.- Por último, observamos a continuidade dunha discriminación das familias accoledoras respecto dos centros residenciais, en canto ás asignacións por neno ou nena ao mes. Se unha familia accoladora recibe ao mes unha cantidade de entre 280€ e 600€ (en función da idade) os centros residenciais, que seguen a ser maioritariamente de titularidade privada, perciben ata 5500€ ao mes por praza (dato que non foi doado atopar, dada a falla de transparencia ao respecto).

Ao mesmo tempo as cifras anuais de acollementos continúan a informarnos sobre un maior emprego dos recursos residenciais con respecto dos familiares.

Observamos, por outra banda un insuficiente apoio dos acollementos por parte de familia extensa do neno ou nena, que consideramos a medida que, en principio, menos impacto negativo tería sobre as persoas menores de idade.

Debemos lembrar que a normativa prioriza as medidas de acollemento familiar sobre as residenciais, o cal se ten que traducir en políticas que apoién ás familias accoledoras, de forma integral, pero evidentemente tamén no aspecto económico.

*“Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de Protección Jurídica del Menor, de Modificación Parcial del Código Civil y de la Ley de Enjuiciamiento Civil.*

#### *Artículo 12. Actuaciones de protección*

*1. La protección de los menores por los poderes públicos se realizará mediante la prevención, detección y reparación de situaciones de riesgo, con el establecimiento de los servicios y recursos adecuados para tal fin, el ejercicio de la guarda y, en los casos de declaración de desamparo, la asunción de la tutela por ministerio de la ley. En las actuaciones de protección deberán primar, en todo caso, las medidas familiares frente a las residenciales, las estables frente a las temporales y las consensuadas frente a las impuestas.”*

Por todo isto SOLICITAN:

- Que a Xunta de Galicia cree un instrumento de avaliação periódica da situación das familias galegas na actual situación de crise económica.
- Que en relación aos datos obtidos se desenvolvan medidas de apoio ás familias que o precisan, de tal forma que poidan cubrir as necesidades básicas dos fillos e fillas.
- Que a Consellería de Política Social deixe de realizar intervencións de acollemento por motivos estritamente económicos e que restitúa ás súas familias aos nenos e nenas que fosen obxecto de medidas de acollemento por este motivo.
- Que se reforce o apoio ao acollemento familiar, priorizando o acollemento por familia extensa do neno ou nena. Este reforzo ten que producirse de forma integral, incluíndo unha equiparación das contías mensuais percibidas por cada neno ou nena.
- Que se realice un verdadeiro esforzo por levar a cabo o obxectivo contemplado na normativa vixente de que se favoreza o acollemento familiar sobre o residencial.
- Que a Xunta de Galicia amplíe a súa rede de centros públicos de acollemento para que non sexa necesaria a subcontratación do servizo por parte de entidades que obteñen beneficios por realizar labores de acollemento residencial.
- Que a Xunta de Galiza realice un informe anual no que, ademais dos datos estatísticos de acollemento, se inclúan os datos económicos sobre contías das prazas de acollemento en centros residenciais, describindo pormenorizadamente o baremo empregado para calcular ditas cantidades, segundo as distintas variables.

Quedamos pois á espera dunha resposta que esperamos se produza á maior brevidade, dada a repercusión inmediata que esta situación ten sobre as vidas das familias galegas.

Coordinador de AGAMME



CIF G70266044  
agammeferrol@gmail.com  
AGAMME

Presidenta de AGAFEM



M. Loreda Echeverría  
SNI 429229605

En Ferrol, a 22 de abril de 2021

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA

VALEDOR DO POBO